

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 23 DE NOVEMBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 23 de novembro do dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero e Don. Ignacio Gómez Pérez -

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 16 de novembro de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

1.- Escrito de don Camilo Rodríguez Alonso de data 11 de novembro do 2009, No. R.E. 6971 no que solicita a retirada dunha caseta de obras instalada supostamente en terreos da súa prpiedade.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros comunicarlle que en tanto non recaiga resolución xudicial ao respecto ,o concello considera que os terreos son da sua titularidade.

2.- Escrito de don Mario Antonio Martíns con data de 9 de novembro deo 2009, con No. R.E. 6930, mediante o que solicita a devolución das taxas aboadas como consecuencia da renuncia á obra que ía realizar.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda proceder á devolución da citada taxa sempre que se acredite debidamente que non se procedeu á realización da obra.

3.-CONVENIO DE COLABORACIÓN

Dase conta por parte do Secretario do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Ribadavia Atlético para a utilización das instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda aprobar o citado convenio emprazando a don José Luis Míguez Martínez para que proceda á súa sinatura personándose no Concello.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1.-Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 10 de novembro do 2009, con R.E. 7058 onde se solicita informe sobre licenza municipal de apertura e, se a licenza está adpatada ao Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG No. 245, do 20 de decembro).

2.-Comunicación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 10 de novembro do 2009, con R.E.7205. sobre incoación de expediente sancionador No. 421/09, a Sonia García Rodríguez y M^a Jesús Martínez Cabral, titulares do establecemnto público “Fíxose de Noite”de Ribadavia por presuntas infraccións á normativa vixente en materia de establecementos.

3.-Comunicación da Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias de data 11 de novembro de 2009 ,con R.E 6988, relativa ao cumprimento de xornadas en beneficio da comunidade por un particular.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros autorizar a realización destas xornadas de luns a venres, e no seu caso tamén os sábados de 8:30hs ás 14:30hs.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.-APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA DE SUMIDOIROS.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación ao listado cobratorio da Taxa de Sumidoiros, exercicio 2008, por importe de 40.463,24 euros. Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar como período de cobranza voluntario da taxa anteriormente referida entre os días 7 de Decembro de 2009 e o 29 de Febreiro de 2010.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO